



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de outubro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez , Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 3 de outubro do dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, comunicando incoación de expediente sancionador (S/32/0132/11/V).
- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, comunicando incoación de expediente sancionador contra Aqualia Gestión Integral do Auga S.A. (S/32/0146/11/V).

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.-

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

XUSTIFICACION SUBVENCION PARA COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PUBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO NOS CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2011.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en relación a subvención concedida o abeiro da orde do 5 de Abril de 2011 e co obxecto de xustifica-la mesma de acordo co artigo 18 da referida Orde, adopta os seguinte acordos:

1.- Prestar a súa conformidade as facturas emitidas pola empresa Entretempos Xestión Educativa do Lecer e a Apa CPI Vila de Ribadavia e a conseguinte toma de razón en contabilidade, co seguinte detalle (Orzamento das actividades por modalidades):

Orzamentos	Modalidade	Total	FACTURA
Dinamización da biblioteca	A		Entretempos-2011063
Children'world. Aprender descubrindo	A		
Aprender a estudar	B		
Aprende co ordenador	B		
Obradoiro de Teatro	D		
Create	D	12.960 €	
Dinamización da Escola de Pais e Nais	C	3.755 €	Entretempos-2011064
Campamento urbano e mañás activas	D	6.500,00 €	Entretempos-2011065
Actividades extraescolares deportivas	D	756€	APA C.P.I. VILA DE RIBADAVIA núm. 6/2011
Obradoiro de pintura	D	720 €	APA C.P.I. VILA DE RIBADAVIA núm. 5/2011

2.- Que os fondos concedidos na citada subvención foron aplicados para esta finalidade.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.